

## O TRABALLO DAS MULLERES NO SECTOR PESQUEIRO GALEGO: ANÁLISE DOS PROBLEMAS RELACIONADOS CO SEU TRATAMENTO ESTATÍSTICO

MARÍA DO CARME GARCÍA NEGRO / YOLANDA N. ZOTES TARRÍO  
Grupo de Investigación de Economía Pesqueira e Recursos Naturais  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 10 de xaneiro de 2006

*Aceptado:* 21 de abril de 2006

---

**Resumo:** O traballo das mulleres ten unha importancia socioeconómica decisiva no sector pesqueiro galego. Participan en toda a cadea produtiva, desde o subsector extractivo ata a comercialización final do produto: tarefas de recollida, tratamento e venda de peixe, xestión e planificación empresarial das unidades de produción.

Este papel é fundamental en subsectores como a conserva e a transformación de peixe, o subsector acuícola, as actividades auxiliares da pesca ou do marisqueo onde a súa actuación se converte nun factor esencial, acadando en Galicia unha entidade propia que non existe noutros países de Europa. Non obstante, esta realidade está recollida de forma moi deficiente nas escasas estatísticas referidas ao sector pesqueiro, distorsionando o papel das mulleres. Neste traballo pretendemos evidenciar a verdadeira importancia das mulleres no sector pesqueiro galego cunha cuantificación do emprego nos distintos eidos.

**Palabras clave:** Xénero / Pesca / Estatísticas / Sector pesqueiro galego.

### **THE WORK OF WOMEN IN THE GALICIAN FISHERIES SECTOR: ANALYSIS OF THE PROBLEMS RELATED WITH ITS STATISTICAL TREATMENT**

**Abstract:** The work of women has a great socioeconomic significance in the Galician fisheries sector. They participate in all of the production chain, from the harvesting sector to the final commercialization of the product: collecting activities, processing and sale of fish, management and others tasks related to the enterprise planning of the productive units.

This rol is fundamental in sectors such as the tinned and preserved fish, aquaculture, ancillary activities or shellfish collecting, where its activity is an essential factor. In Galicia it achieves an own entity that does not exist in other countries in Europe. However, the local, national and community statistics published on gender related to fisheries sectors are, unfortunately, highly deficient. In this paper an assesment of the real importance of the rol of women in fisheries is described, measuring the employment in the different branches.

**Keywords:** Gender / Fisheries / Statistics / Galician fisheries sector.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

A *economía feminista* acadou un grao importante de desenvolvemento nas últimas catro décadas. Foron xurdindo novos enfoques na economía (en estreita colaboración con outras disciplinas como a historiografía, a socioloxía, a antropoloxía) que critican o *subtexto de xénero*, o *prexuízo de xénero*, o *rumbo androcéntrico* das teorías económicas clásicas e actuais, formulando a necesidade tanto de construír/reconstruír os conceptos e categorías como de reformar os marcos teóricos.

As tendencias, formulacións, debates e achegas, tanto epistemolóxicas coma metodolóxicas, son múltiples e heteroxéneas (Borderías *et al.*, 1994; Carrasco,

1999; Ferber e Nonson, 2004). Isto é así nos diferentes campos de debate, incluíndo o relativo ao traballo das mulleres. Formúlase a cegueira respecto ao sexo das análises clásicas e a necesidade de crear novas categorías que dean conta da especificidade e da complexidade do traballo das mulleres; do traballo doméstico (a súa visibilidade, medición e valoración), as interrelacións entre traballo asalariado e doméstico, produción e reprodución, familia e mercado, público e privado, as novas tendencias na división sexual do traballo, as interrelacións sexo-clase-etnia.

A falta de información axeitada é unha das causas importantes da invisibilidade do traballo das mulleres. Existen moi poucas fontes oficiais que proporcionen información dabondo sobre a participación da forza laboral feminina na produción dun determinado ano. Isto é debido, en gran medida, a unha incorrecta definición do concepto de produción (PIB) e a que se ignora a parte da produción orixinada polo traballo das mulleres que non se transacciona no mercado (aprovisionamento de bens para labores de reprodución no eido doméstico, educación, creación de alimentos, etc.).

A pesar dos grandes avances observados nas estatísticas nos últimos anos<sup>1</sup>, aínda hoxe en día é imposible coñecer a presenza laboral feminina a través das estatísticas existentes. Ademais, a non coincidencia das definicións de produción e actividade económica dificulta a comparación da participación das mulleres no mercado laboral, potenciando o problema de invisibilidade xa mencionado.

Resulta inexplicable que esta situación continúe na actualidade se temos en conta que desde a teórica feminista se deron solucións ás formulacións teóricas que de momento impiden dispoñer de estatísticas fiables, eliminando as escusas de difícil contabilización, de imputación e/ou de recoñecemento da actividade económica do traballo realizado polas mulleres. A finais da década dos anos oitenta foron recollidas nos sistemas de contabilidade nacional as actividades da pesca non retribuídas (e/ou de difícil cuantificación) como representativas das actividades do traballo feminino, mentres que as restantes actividades produtivas non figuraban como actividades de participación feminina, de maneira que non se resolveu en absoluto o problema da invisibilidade.

No caso de Galicia, existe unha relación histórica co mar; as mulleres da costa son protagonistas da actividade pesqueira, adquirindo unha importancia socioeconómica decisiva no sector pesqueiro xa que participan en toda a cadea produtiva, desde o subsector extractivo até a comercialización final do produto.

Todas as actividades pesqueiras dependen, en maior ou en menor medida, desta relación histórica creadora de todo tipo de ligazóns de natureza económica, onde as mulleres foron protagonistas: pescando, cultivando, transformando, vendendo e

---

<sup>1</sup> Sobre todo a partir da celebración da Conferencia Mundial de la Mujer en México, en 1975, que inauguraba a *Década da Muller* da ONU e na que se marcou a necesidade de contar coas mulleres nos proxectos de desenvolvemento económico. Desde ese momento comezou un movemento a nivel mundial de promoción dos proxectos para a muller que, malia os obxectivos desexados, non deu os resultados previstos xa que na práctica foron considerados como accesorios e/ou prescindibles, non correspondendo coas necesidades reais da muller. De aí o relativo fracaso da posta en marcha da maior parte da numerosísima lista de propostas que ao longo de dúas décadas se foron sucedendo.

transmitindo saberes (coñecemento) para repetir xeración tras xeración esa relación íntima entre habitantes e mar. Aquí, as mulleres foron desde sempre pescadoras a bordo, traballadoras na industria conserveira, transportistas-estibadoras de peixe, vendedoras de peixe, transformadoras da materia prima peixe en alimento nas súas diversas presentacións, comercializadoras, armadoras, mariscadoras, re-deiras, percebeiras, recolectoras de algas, bateeiras, empresarias da comercialización, directoras e xerentes de empresas medianas e grandes e accionistas de grandes compañías.

Sen os poboadores de beiramar, sen esa cultura de coñecemento, sen esa relación de interacción (pobo-mar) sería impensable a existencia de pescadores. O coñecemento que as mulleres mariscadoras de a pé teñen das praias, do seu ecosistema, da racionalidade específica da vida do mar e no mar, conforman un criadeiro de capacidade de pescar que non existe noutros países, noutras formacións sociais onde a pesca declinou no momento en que os seus habitantes da beiramar empezaron a vivir de costas á praia (García Negro, inédito, p. 23).

Este papel é fundamental en subsectores como a conserva e a transformación do peixe, o subsector acuícola ou nas actividades auxiliares da pesca, ou mesmo no marisqueo no que a súa actuación se converte nun factor esencial de sustentación da propia actividade grazas á súa capacidade de organización e profesionalización, acadando en Galicia unha entidade propia que non existe noutros países de Europa. Mesmo nos últimos anos están a tomar posicións nas titulacións náutico-pesqueiras de nivel medio e superior. A pesar desta importancia patente na actividade pesqueira, resulta moi difícil atopar unha cifra procedente de estatísticas oficiais que nos achegue ao número de mulleres activas galegas na pesca. Por exemplo, o desaparecido *Anuario de Pesca Marítima* (MAPA), ao considerar unha definición minimalista da actividade (captura a bordo dunha embarcación de peixes, moluscos, crustáceos, etc.), non consideraba a posibilidade da existencia de mulleres, xa que non había mulleres tripulantes.

Esta fonte estatística non foi substituída por ningún anuario específico para o sector, polo que hoxe en día, agás as fontes censuais (*Censo Xeral de Poboación e Padrón Municipal de Habitantes*), non se publica con periodicidade anual ningunha estatística que recolla a actividade pesqueira diferenciando entre ocupados/as e parados/as. Así, a estatística elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) para que sirva de apoio aos traballos das Contas Económicas de Galicia, *Macromagnitudes da pesca*, recolle, entre outras, información do persoal ocupado na pesca, no marisqueo a pé e na acuicultura sen diferenciar por sexos.

O problema do recoñecemento da forza laboral feminina na pesca galega non reside na mala identificación das actividades nas que participa, xa que existe cun papel económico fundamental para a obtención do produto pesqueiro, senón, máis ben, nas deficiencias das estatísticas oficiais para sacar á luz o traballo evidente das mulleres neste sector. Desde o noso punto de vista, o sector pesqueiro é moito máis ca o que tradicionalmente se coñece como pesca extractiva: baixura, altura e grande altura, ao incluír, ademais, o marisqueo, a miticultura e o resto da acuicultura mari-

ña, así como a industria de transformación de peixe (industria conserveira e outros preparados alimenticios<sup>2</sup>), o sector comercializador dos diversos produtos pesqueiros (por xunto<sup>3</sup> e polo miúdo<sup>4</sup>), e outras industrias e outros servizos relacionados coa pesca.

Dentro deste último epígrafe podemos incluír os grandes frigoríficos de depósito de produtos da pesca<sup>5</sup>, os servizos que prestan as lonxas, as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores e comercializadores de peixe<sup>6</sup>, a Administración pública<sup>7</sup> que se dedica en exclusiva ao sector, o persoal do Instituto Social da Mariña<sup>8</sup>, a investigación que se realiza no eido das universidades e doutros organismos dependentes da Administración autonómica<sup>9</sup>, etc.

O obxectivo deste artigo é cuantificar a importancia do traballo das mulleres en cada un destes segmentos que integran o sector pesqueiro en Galicia<sup>10</sup>. Para isto faremos, en primeiro lugar, unha breve revisión das estatísticas oficiais existentes para, posteriormente, presentar unha proposta de cuantificación da actividade das mulleres nos principais subsectores pesqueiros galegos empregando a información que serviu de base para a elaboración das *Táboas input-output da pesca-conserva galegas 1999* (García Negro, 2003).

## 2. REVISIÓN DAS ESTATÍSTICAS OFICIAIS

Existen diversas fontes estatísticas sobre o sector pesqueiro que, malia non proporcionaren apenas información sobre o emprego das mulleres na pesca, nos poden ofrecer unha primeira visión sobre o emprego. Hai diversos organismos que achegan datos sobre emprego na pesca que poden dividirse en tres eidos: autonómico, estatal e comunitario.

### 2.1. ESTATÍSTICAS AUTONÓMICAS

No eido autonómico, o Instituto Galego de Estatística (IGE) e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia achegan unha división do emprego por subsectores da pesca, aínda que ningunha das dúas fontes distingue entre em-

---

<sup>2</sup> Na Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93) estas actividades inclúense no código 15.20 *Elaboración y conservación de pescados y productos a base de pescado*.

<sup>3</sup> CNAE 51.38. *Comercio al por mayor de pescados y mariscos y otros productos alimenticios*.

<sup>4</sup> CNAE 52.23. *Comercio al por menor de pescados y mariscos*.

<sup>5</sup> CNAE 63.12. *Depósito y almacenamiento*.

<sup>6</sup> CNAE 91.1. *Actividades de organizaciones empresariales, profesionales y patronales*.

<sup>7</sup> CNAE 75.1. *Administración pública*.

<sup>8</sup> CNAE 75.3. *Seguridad Social obligatoria*.

<sup>9</sup> CNAE 73.1. *Investigación y desarrollo sobre ciencias naturales y técnicas* y CNAE 73.2. *Investigación y desarrollo sobre ciencias sociales y humanidades*.

<sup>10</sup> Sobre estudos anteriores pódense consultar, entre outros, Chas Amil, Villasante e Zotes Tarrío (2005); Rodríguez Rodríguez *et al.* (2005); García Negro, Chas Amil, Villasante e Zotes Tarrío (2004).

prego masculino e feminino. O IGE ofrece cifras para o ano 2001 na estatística *Macromagnitudes da pesca 2001* que divide o sector pesqueiro en pesca extractiva, marisqueo e acuicultura, reunindo case 30.000 empregos (táboa 1).

**Táboa 1.-** Empregos na pesca extractiva, marisqueo e acuicultura, 2001

	EMPREGOS
Pesca extractiva	14.784
Marisqueo	10.561
Acuicultura	4.306
Total	29.651

FONTE: Instituto Galego de Estatística (2001).

Por outra banda, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ofrece datos de emprego para todos eses sectores no ano 2004 e, ademais, para a conserva, transformados, comercio, industria e servizos relacionados, acadando case os 120.000 empregos (táboa 2). Existen, ademais, algúns documentos e informes elaborados por organismos autonómicos sobre algúns colectivos específicos dentro do sector pesqueiro, en concreto as mariscadoras e as redeiras.

**Táboa 2.-** Empregos no sector pesqueiro, 2004

	EMPREGOS
Pesca	64.222
Conserva	18.000
Transformados	2.922
Comercio	6.730
Industrias relacionadas	15.000
Servizos relacionados	13.000
Total sector	119.874

FONTE: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (2004).

O colectivo de mariscadoras está integrado por 7.978 ou 8.550 mulleres, dependendo se a fonte é a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (1998) ou a Comisión Non Permanente para a Igualdade do Parlamento de Galicia (2001), respectivamente. O colectivo de redeiras agrupa a todas aquelas persoas que traballan nunha actividade asociada á pesca consistente na reparación, mantemento e construción de redes. O Fondo de Formación (2003) cuantifica o emprego entre 1.000 e 1.200 persoas, das cales o 70% son mulleres.

## 2.2. ESTADÍSTICAS ESTATAIS

A información no ámbito estatal provén das bases de datos da Seguridade Social, en concreto do Instituto Social da Mariña (ISM) e do INE (*Censo de Población y Viviendas*). O ISM ofrece datos de afiliados ao réxime especial dos traballadores do mar (REM) e de afiliados noutras situacións<sup>11</sup>.

<sup>11</sup> Inclúense o desemprego, convenios especiais, emigrantes sen convenio especial e asimilados de alta.

A táboa 3 amosa que Galicia representa unha parte moi importante dos empregos do sector pesqueiro de todo o Estado. Esta fonte non distingue entre emprego masculino e feminino e non inclúe outras actividades do sector pesqueiro como a conserva e outros transformados, o comercio, os servizos e as industrias relacionadas, etc.

**Táboa 3.-** Afiliados ao réxime especial dos traballadores do mar, 2001

	AFILIADOS REM	AFILIADOS NOUTRAS SITUACIÓNS	TOTAL
Galicia	30.161	7.850	38.011
Estado español	74.936	17.101	92.037
% Galicia/Estado español	40,25%	67,59%	41,41%

FONTE: Instituto Social da Mariña.

Pola súa parte, o *Censo de Población y Viviendas 2001* (INE) cifra o número de ocupadas na pesca en 8.122 dun total de 414.102 ocupadas galegas nese ano (2%). Non obstante, é necesario preguntar a que corresponde esta cifra, xa que non se divide a pesca en subsectores e, ademais, nese mesmo ano xa só o número de *permex* (permisos de explotación) de marisqueo a pé alcanzaba os 6.737 (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos).

Do que si se pode estar seguro é de que o emprego no sector da conserva e outros transformados non estaría incluído nesta cifra, nin tampouco o de actividades do sector de servizos directamente relacionados coa pesca; así como tampouco ningún dos empregos directos que existen en Galicia, coma a depuración de moluscos, as cetarias, os pequenos transformados, a importación/exportación, os frigoríficos, o transporte, a distribución por xunto e polo miúdo, a tenda ao detalle, etc.

Todas estas actividades non son, como sucede noutros países, parte da industria de alimentos senón compoñentes dun complexo industrial integrado na pesca. É dicir, o produto pescado precisa, para ser realmente un ben de consumo, dun tecido extractivo, de cultivo, de comercialización e de transformación que na súa práctica totalidade se realiza en Galicia. A división do emprego no sector pesqueiro por sexos sen distinguir por subsectores, segundo as cifras que se derivan do *Censo de Población y Viviendas 2001*, son as que se presentan na táboa 4.

**Táboa 4.-** Datos de emprego masculino e feminino na pesca galega, 2001

	EMPREGO	%
Mulleres	8.122	23,07
Homes	27.089	76,93
Total	35.211	100,00

FONTE: INE (2001).

Estas fontes, que polo seu carácter censual nos ofrecen máis garantías, sitúan entre 30.000 e 40.000 as persoas empregadas no sector pesqueiro, computando tan

só a pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura e ser ter en conta os restantes subsectores xa mencionados.

### 2.3. ESTADÍSTICAS COMUNITARIAS

Un dos principais problemas co que nos atopamos cando tratamos o estudo de calquera aspecto do sector pesqueiro no eido comunitario é a escasa ou case inexistente información que nos permita facer unha axeitada análise da evolución e das transformacións estruturais do sector ao longo do tempo. Esta limitación afecta á totalidade dos indicadores (número de buques, desembarcos, comercio exterior, etc.), pero maniféstase cunha maior intensidade cando tratamos o estudo relativo ás persoas que directa ou indirectamente traballan na pesca.

Resulta, polo tanto, unha tarefa moi complexa efectuar unha cuantificación dos postos de traballo na pesca debido non só á falta de dispoñibilidade e publicidade por parte dos organismos nacionais, senón tamén á falta de vontade por recoller esta información cumprindo cos estándares mínimos que se requiren para elaborar unha fonte estatística. Así, e independentemente de que se publiquen informes da Comisión para algún ano en particular, conséntase que non existen fontes estatísticas que ofrezan unha información completa sobre o número de empregos no sector en cada un dos Estados, distinguindo por sexos e para un período de tempo o suficientemente longo como para valorar as posibles modificacións que teñen lugar no mercado de traballo.

Desta forma, as fontes estatísticas máis importantes elaboradas pola Comisión Europea son as que corresponden aos anos 2000, 2001, 2002 e por Eurostat para o ano 2003. O estudo da Comisión Europea do ano 2000 ten como obxectivo cuantificar e describir a importancia socioeconómica do sector pesqueiro en cada Estado membro para determinar o nivel de dependencia da pesca, dando información sobre emprego por sexos para o total español referido ao ano 1996, pero non efectúa unha desagregación dos datos no caso galego.

Este estudo recolle datos para todos os sectores que, de acordo coa Comisión, teñen algunha vinculación directa ou indirecta coa pesca: a pesca extractiva, a transformación, a acuicultura, a comercialización, a construción naval, as industrias auxiliares e un último apartado denominado *Outros*. Isto é especialmente relevante xa que a distinta clasificación efectuada segundo se examine o informe final ou o resumo desta publicación ten o efecto, para o caso de Galicia, de incluír no apartado *Outros* o 24,6% do emprego na pesca, ocultando neste epígrafe, deliberadamente ou non, a elevada participación da muller en sectores coma o marisqueo ou a comercialización.

Outra das inconsistencias ten que ver coa metodoloxía empregada, dado que os resultados difiren segundo se consulte o informe final ou o resumo. En total, a forza laboral feminina que está expresamente contabilizada polo estudo ascende só ás 2.353 traballadoras, das cales 1.857 pertencen á industria de transformación.

Pola súa parte, o informe da Comisión Europea do ano 2001 achega datos de emprego para 1997 en todos os Estados tan só para a pesca extractiva, a transformación e a acuicultura. Non inclúe os postos de traballo xerados pola comercialización e no caso do marisqueo e da miticultura, cando os inclúe, faino incorrectamente como na acuicultura. En calquera caso, os datos que se recollen nesta publicación contradín abertamente os ofrecidos pola Comisión Europea (2000) ao cuantificar un total de 19.851 traballadores en todo o Estado español. Así mesmo, as fontes empregadas son os estudos da Comisión Europea dos anos 2000 e 2001, o que leva a prolongar e arrastrar as deficiencias e as incoherencias detectadas, sen ofrecer ningún indicio de posible corrección.

Do mesmo xeito, o informe Mc Allister, *El papel de las mujeres en la pesca*, encargado pola Comisión Europea (2002), facilita datos de emprego na pesca para os seguintes subsectores: pesca costeira, acuicultura, transformación en conxunto e administración e xestión. Polo que se refire á clasificación dos subsectores, de novo inclúense os postos de traballo das mulleres no apartado administración, outros e extraoficial. Este informe cifra o emprego en Galicia en 16.212, dos cales 7.016 son ocupados por mulleres (43,27%) (táboa 5).

**Táboa 5.-** Cuantificación do emprego en Galicia

	EMPREGO FEMININO	EMPREGO MASCULINO	EMPREGO TOTAL	% EMPREGO FEMININO
<i>Pesca costeira</i>	45	3.164	3.209	1,40%
<i>Acuicultura</i>	3.873	4.911	8.784	44,09%
Marisqueo a pé	2.489	109	2.598	95,80%
“Parquistas”	618	696	1.314	47,03%
Miticultura	727	3.977	4.704	15,45%
Piscicultura	39	129	168	23,21%
<i>Transformación</i>	3.035	1.012	4.047	74,99%
<i>Administración-xestión</i>	63	109	172	36,62%
Total	7.016	8.075	16.212	43,27%

FONTE: Comisión Europea (2002).

Á vista dos datos achegados no apartado anterior, esta fonte infravalora de forma moi significativa a importancia do sector pesqueiro galego, chegando a distorsionar o papel do sector en Galicia e no Estado español. Isto é debido en parte a que, se para o resto dos Estados membros da Unión Europea (UE) se considera a totalidade do territorio e as actividades do sector pesqueiro como o comercio e outros servizos relacionados coa pesca, no caso do Estado español os datos límitanse a Galicia e a Andalucía, e só para os subsectores pesqueiros xa mencionados.


Ademais, se comparamos os datos exclusivamente de pesca extractiva e acuicultura, observamos que as cifras do informe difiren cos máis de 35.000 recollidos polas fontes estatísticas nacionais (ISM e INE). Os datos para Andalucía tamén están infravalorados: o informe da Comisión recolle tan só 200 empregos en acuicultura, mentres que nesta Comunidade e nese ano existen máis de 12.000 persoas cotizan-



do á Seguridade Social no réxime especial do mar, réxime que ascende a máis de 90.000 se consideramos todo o Estado.

Polo tanto, cabe salientar a imaxe totalmente distorsionada do sector que manexa a Comisión Europea e que pode influír de forma negativa nos intereses pesqueiros galegos e españois en materia de política pesqueira comunitaria. Tal e como se observa na gráfica 1, Galicia estaría na sexta posición en número de empregos, por detrás do Reino Unido, de Grecia, de Portugal, de Alemaña e de Francia.

**Gráfica 1.-** Empregos no sector pesqueiro en Europa



FONTE: Comisión Europea (2002).

Como se puido apreciar, as estatísticas existentes sobre o emprego na pesca ofrecen datos moi dispares, o que dá lugar a confusión e a un descoñecemento xeral do que supón a pesca para a economía galega. Cómpre sinalar que en Galicia, ademais de recoller de forma deficiente os empregos en pesca, tal e como se pode observar ao comparar os datos da Comisión Europea (2002) (táboa 5) cos do ISM (táboa 3) e do INE (2001) (táboa 4), non se inclúen empregos directos do comercio, dos servizos relacionados coa pesca, das organizacións de produtores e da investigación, que si se recollen nas cifras do Reino Unido, de Grecia, de Portugal e de Francia.

Por outra parte, o *Anuario de Pesca* de Eurostat (2003) ofrece información sobre os empregos do sector para o período 1993-2002, aínda que só recolle información completa para todos os Estados para o ano 1995. A información non aparece desagregada por sectores nin tampouco achega información para Galicia. Así mesmo, se ben na explicación metodolóxica a publicación recoñece que dispón de datos separados por sexos que traballan no sector, non efectúa unha desagregación nin tampouco realiza unha clasificación dos traballos a tempo completo ou a tempo parcial.

Finalmente, a base de datos electrónica de Eurostat (2004) achega información para cada Estado para o período 1970-2003, incluíndo datos de emprego desagregados entre homes e mulleres, dividindo os subsectores en pesca costeira, pesca de

altura, pesca en augas interiores, acuicultura, subsistencia e un apartado relativo aos empregos *non especificados*, sendo expresamente excluídos os empregos dos subsectores de transformación e aquelas actividades que dependen directa o indirectamente da pesca, como a construción naval e as industrias auxiliares, entre outros.

Esta base de datos só ofrece información de ámbito nacional, circunstancia que imposibilita coñecer o número de empregos contabilizados no sector pesqueiro galego. Con todo, tampouco resulta ser unha fonte estatística satisfactoria xa que, unha vez examinados os datos para o ano 1996 e co propósito de contrastalos coas restantes fontes estatísticas, advertimos que para o Estado español se computan un total de 84.902 persoas distribuídas da seguinte forma: 5.000 na pesca costeira, 2.100 na pesca de altura, 2.300 en augas interiores, 68 na acuicultura, 0 no apartado subsistencia e 74.535 no *non especificado*.

Para o ano 2002, esta fonte contabilizou un total de 55.800 traballadores en todo o Estado español, dos cales 8.500 son mulleres, incorporadas na súa totalidade no apartado *non especificado*, co que se suprime calquera posible identificación do número de empregos nos distintos subsectores..

### 3. A PARTICIPACIÓN DA MULLER NO PROCESO PRODUTIVO DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO

Revisadas as dificultades e deficiencias existentes nas fontes estatísticas analizadas, e co fin de ter unha visión máis detallada do emprego feminino no sector, utilizaremos as *Táboas input-output da pesca-conserva galegas 1999* (TIOPesca-99) (García Negro, 2003) para estimar o emprego nos distintos subsectores. As enquisas realizadas para a elaboración deste traballo permiten distinguir o emprego feminino e masculino.

Partindo da definición conceptual considerada en García Negro (2003), o sector pesqueiro está composto polas diferentes ramas da pesca extractiva (baixura, litoral, altura e grande altura), miticultura, acuicultura mariña, marisqueo, conserva e novos transformados de produtos da pesca. A continuación, descríbense brevemente as ramas da actividade pesqueira consideradas:

#### 1. Pesca extractiva:

- 1.1. A pesca de baixura está constituída por empresas que realizan unha pesca artesanal do día, na que predominan artes coma o marisqueo a flote e a utilización de nasas.
- 1.2. Litoral inclúe as empresas que realizan capturas de peixe para vendelo en fresco, compostas por unidades de captura fóra das rías.
- 1.3. Altura correspóndese cunha pesca de tipo industrial que traballa no Gran Sol e no banco canario-sahariano.

- 1.4. Grande altura está constituída por aquelas empresas que se dedican á pesca industrial con barcos con arqueo medio de máis de 500 TRB (toneladas de rexistro bruto).
2. *Acuicultura mariña:*
- 2.2. Miticultura, que se refire ao cultivo do mexillón.
- 2.3. Outras actividades acuícolas mariñas.
3. *Marisqueo.*
4. *Conserva e novos transformados de peixe* destinados ao mercado de alimentación humana.

A partir da fonte xa mencionada, a cuantificación do emprego distinguindo por sexos para as distintas ramas preséntase na táboa 6.

**Táboa 6.-** Emprego no sector pesqueiro galego, TIOPesca 99

	MULLERES	HOMES	TOTAL	% MULLERES S/TOTAL
Pesca extractiva (I)	325	25.367	25.692	1,26
Marisqueo (II)	6.988	1.298	8.286	84,33
• Miticultura	1.894	5.241	7.135	
• Piscicultura mariña	52	143	195	
Acuicultura (III)	1.946	5.384	7.330	26,55
<i>Total Pesca (I+II+III)</i>	<i>9.259</i>	<i>32.049</i>	<i>41.308</i>	<i>22,42</i>
• Conserva	3.886	1.271	5.157	
Outros transformados	1.607	526	2.133	
<i>Total conserva e transform.</i>	<i>5.493</i>	<i>1.797</i>	<i>7.290</i>	<i>75,34</i>
<b>TOTAL</b>	<b>14.752</b>	<b>33.846</b>	<b>48.598</b>	<b>30,35</b>

FONTE: García Negro (2003).

Unha das formas posibles para tratar este escenario é a xerarquización dos sectores en función da presenza das mulleres (figura 1).

**Figura 1.-** Clasificación dos distintos subsectores da pesca galega en función da porcentaxe de emprego feminino, 1999

% DE EMPREGO FEMININO						
-						+
Grande altura	Altura	Litoral	Baixura	Miticultura	Conserva	Marisqueo a pé

FONTE: Elaboración propia a partir de enquisas para a elaboración das TIOPesca-99, García Negro (2003).

En función da porcentaxe de emprego feminino podemos establecer tres grupos de subsectores: aqueles cun nivel de participación das mulleres baixo, integrado por grande altura, altura, litoral e baixura, que en ningún caso supera o 10% de emprego feminino; aqueles cun nivel de participación medio, integrado pola miticultura, onde a presenza das mulleres supera ao anterior; e, finalmente, os subsectores da conserva e do marisqueo a pé nos que acada cifras arredor do 80% do total.


**Táboa 7.-** Distribución do emprego nos distintos subsectores da pesca galega, 1999

	BAIXURA		LITORAL		ALTURA	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
<b>ASALARIADOS</b>						
Fixos	34,98%	0,00%	80,15%	0,00%	85,97%	0,67%
Eventuais	1,90%	1,90%	8,78%	3,82%	9,58%	0,00%
<b>NON ASALARIADOS</b>						
Autónomos	51,95%	4,64%	6,11%	0,38%	2,56%	0,33%
Axuda familiar	4,64%	0,00%	0,38%	0,38%	0,22%	0,67%
<b>TOTAL</b>	<b>93,47%</b>	<b>6,53%</b>	<b>95,42%</b>	<b>4,58%</b>	<b>98,33%</b>	<b>1,67%</b>
	GRANDE ALTURA		MITICULTURA		CONSERVA	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
<b>ASALARIADOS</b>						
Fixos	92,98%	1,37%	10,44%	4,75%	16,91%	40,49%
Eventuais	5,49%	0,08%	21,78%	0,70%	4,12%	38,48%
<b>NON ASALARIADOS</b>						
Autónomos	0,08%	0,00%	32,37%	15,76%		
Axuda familiar	0,00%	0,00%	9,40%	4,80%		
<b>TOTAL</b>	<b>98,55%</b>	<b>1,45%</b>	<b>73,99%</b>	<b>26,01%</b>	<b>21,02%</b>	<b>78,98%</b>

FONTE: Elaboración propia a partir de enquisas para a elaboración das TIOPesca-99, García Negro (2003).

Son diversas as especies obxecto de explotación por cada un dos sectores considerados e distintas as artes e técnicas empregadas, os espazos nos que se produce, a tipoloxía empresarial correspondente a cada subsector e, por suposto, tamén o grao e o modo de participación das mulleres na produción.

En consecuencia, existen tres subsectores nos que a presenza das mulleres é maioritaria ou de relevancia decisiva; este é o caso do marisqueo, da miticultura e das conserveiras que non existirían como se coñecen hoxe en día de non contar coa forza laboral feminina.

**Gráfica 2.-** Participación das mulleres na forza de traballo da pesca galega, 1995, 1999

FONTE: Elaboración propia a partir de enquisas para a elaboración das TIO-Pesca-99, García Negro (2003).

### 3.1. O MARISQUEO A PÉ

De acordo coa Lei 6/93, do 11 de maio, de pesca marítima de Galicia, o marisqueo defínese como “a modalidade de pesca consistente na actividade extractiva

*dirixida á captura de animais invertebrados mariños susceptibles de comercialización para o consumo*”, e a súa *disposición adicional primeira* (Definicións xerais) denomina o marisco como “*calquera animal invertebrado mariño susceptible da súa comercialización para o consumo*”.

De igual forma, o marisqueo a pé defínese como a actividade de marisqueo exercido na zona marítimo-terrestre e na parte da zona marítima na que poida exercerse a actividade marisqueira sen necesidade de embarcación ou co apoio de embarcación auxiliar dentro dos límites establecidos pola Lei 6/93 de pesca marítima de Galicia. As unidades de produción do marisqueo a pé son as agrupacións de mariscadoras (non os individuos que traballan) ao reuniren as características de dirección, xestión e control (vixilancia, coidado do recurso, planificación da produción, renda e reparto de tarefas no interior da agrupación) propias da titularidade da explotación. Estas tarefas realízanse sobre a base dun plan de explotación marisqueiro, que entre as súas fases pode incluír o preengorde, engorde, cultivo e recolección do molusco.

Segundo os datos ofrecidos polas *Táboas input-ouput pesca conserva-galegas 1999*, o marisqueo acadou un valor total de recursos de 66.313,80 miles de euros (táboa 8), contando co valor das importacións equivalentes, e de 26.532 miles de euros sen importacións; a contía de rendas mixtas (salarios máis ingresos de traballadoras autónomas) representaba nese ano 23.350 miles de euros, é dicir, esa cantidade é o valor do produto distribuído como renda que remunerou principalmente a traballadoras directas en marisqueo. O marisqueo necesita do consumo de *inputs* primarios para levar a cabo o seu proceso produtivo. O valor engadido bruto xerado en 1999 ascendeu a 24.056,12 miles de euros, dos que o 2,86 % se dedicou á remuneración de asalariados. A produción efectiva do marisqueo acadou os 26.532,03 miles de euros e os bens e servizos importados alcanzaron os 39.781,76 miles de euros.

**Táboa 8.-** Importancia económica do marisqueo en Galicia (miles de euros)

	MARISQUEO 1995	MARISQUEO 1999
Soldos e salarios	498,90	509,24
Cotizacións sociais	2.245,34	179,45
Remuneración asalariados	2.744,24	688,69
Inputs intermedios	2.040,27	2.071,65
Valor acrecentado bruto	31.841,48	24.056,12
Produción efectiva	33.497,70	26.532,04
Importacións	83.663,19	39.781,77
<b>TOTAL RECURSOS</b>	<b>136.252,85</b>	<b>66.313,81</b>
Outputs intermedios	12.605,62	16.137,37
Consumo total	7.301,10	11.237,32
Exportacións	112.490,94	38.939,11
Demanda final	119.791,95	50.176,43

FONTE: García Negro (1997, 2003).

O marisqueo realiza transaccións coas demais ramas produtivas da economía galega, incorporando bens e servizos para levar cabo a súa produción.

En 1999 as compras feitas polo marisqueo ás distintas ramas produtivas ascenderon aos 2.071,65 miles de euros. As ramas das que proveñen os seus principais *inputs* intermedios son “*Servizos de organizacións empresariais e profesionais*” (o 48,95%), “*Outros produtos de caucho e plástico*” (o 12,43%), e “*Outros servizos empresariais*” (o 7,41%). Así mesmo, o marisqueo proporciona *outputs* intermedios a outras ramas produtivas como a “*Conservas e transformados*”, cunha porcentaxe que representa o 73,28% do total dos *outputs* intermedios, e tamén á “*Hostería*”, nunha proporción que acadada o 26,03% do total dos *outputs*. As exportacións de marisqueo ascenderon a 38.939,11 miles de euros, un 80,5% foron exportados ao resto do Estado español.

Malia que a presenza da muller se dá tanto no marisqueo a pé como a flote, neste epígrafe só faremos referencia ao primeiro deles. Dentro do marisqueo hai que distinguir o marisqueo a flote e o marisqueo a pé; o primeiro é realizado principalmente polos homes mentres que no segundo predomina a existencia de mulleres. Hai que destacar que, na actualidade, o colectivo das mariscadoras non realizan simplemente actividades de extracción, xa que participan activamente noutras tarefas como poden ser as técnicas de semicultivo, vixilancia, limpeza e a mellora do terreo. O tipo de tarefas desenvolvidas no proceso produtivo repártese do seguinte xeito: o extractivo a pé o 59%, a vixilancia o 16%, a limpeza e semicultivo o 8%, as reunións o 5%, a formación o 3%, e as outras tarefas coma os rareos, os desdramentos e as sementeiras o 8%. Este proceso de transformación das actividades levadas a cabo polas mulleres debeuse, en boa medida, á maior formación que favoreceu unha mellora na organización do proceso produtivo deste colectivo e á celebración, a partir de 1995, dunha serie de encontros de mariscadoras que posibilitaron identificar os principais problemas que sufrían ao tempo que se iniciou o proceso de recoñecemento do seu labor.

As mariscadoras son, arestora, traballadoras autónomas e deben estar dadas de alta no Instituto Social da Mariña dentro do Réxime da Seguridade Social dos traballadores do mar e polo que cotizaban, no 2001, unhas 172 mil pesetas ao ano. Así e todo, aínda existen mulleres mariscadoras que non están dadas de alta ao proceder de zonas onde esta actividade é marxinal e as rendas medias non lles permiten cotizar á Seguridade Social. Malia que non todas están afiliadas, nos últimos anos deuse un significativo incremento do número de altas producidas no réxime na maioría das confrarías, se ben é certo que aínda existen problemas relacionados co recoñecemento de determinadas enfermidades profesionais ou o abandono da actividade por parte dalgunhas mulleres debido á súa elevada idade ou por ter outros medios de vida máis rendibles (Marugán Pintos, 2004, p. 171). Unha das propostas deste colectivo de cara á mellora da súa situación socioeconómica é a necesidade da cotización a tempo completo sempre que as rendas medias obtidas acaden o salario mínimo interprofesional ou ben cando voluntariamente o decidan as marisca-

doras con rendas inferiores ao salario mínimo, por día ou por horas traballadas (Parlamento de Galicia, 2001).

En Galicia, no 2005 o número total de mariscadores/as das confrarías de pescadores alcanza as 5.134 persoas, das cales 778 son homes e 4.356 mulleres. A distribución por provincias do número de mariscadoras marca unha forte concentración na Coruña e en Pontevedra, que representan, no ano 2005, o 36,7% e o 61,5%, respectivamente, a presenza do seu traballo ascende ao 72,4% na Coruña, ao 78% en Lugo e ao 94,7% en Pontevedra. Considerando os estratos de idade das mariscadoras nas tres provincias, a meirande parte teñen entre 46 e 65 anos (A Coruña, o 58%, Lugo, o 71,4% e Pontevedra o 69,1%). Por tipoloxía de *permex* (permiso de explotación concedido pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos que actúa como título habilitador para exercer a actividade marisqueira), 4.138 destas mulleres posúen permisos de explotación xeral, mentres que as restantes 218 dirixen a súa actividade produtiva ao percebe. Comparando os anos 1996 e 2005, a provincia de Pontevedra é a que acolle o maior número de mariscadoras, en torno ao 60% do total. Non obstante, é a provincia de Lugo a que, en termos porcentuais, rexistra o maior descenso co 63%, seguida da Coruña co 45,3% e de Pontevedra co 43%.

**Táboa 9.-** Evolución do número de mariscadoras a pé en Galicia

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2005	DIFERENZA 1996-2005
A Coruña	2.929	3.679	3.775	2.022	2.450	2.586	2.621	2.387	1.602	-1.327
Pontevedra	4.715	4.463	4.164	4.015	3.986	3.789	3.349	3.167	2.683	-2.032
Lugo	208	207	133	116	98	122	109	99	71	-137
TOTAL	7.852	8.349	8.072	6.153	6.534	6.497	6.079	5.653	4.356	-3.496

FONTE: Marugán Pintos (2004, p. 173) e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Na provincia da Coruña as confrarías cun maior número de mariscadoras son Noia, Cabo de Cruz e Rianxo, que concentran nada menos que o 49% do total, mentres que é interesante destacar que 1.509 destas persoas están autorizadas para a explotación do percebe (táboa 10).

Na provincia de Lugo a confraría do Vicedo representa o 63% do total das mariscadoras censadas, gran parte delas con idades superiores aos 45 anos (táboa 11).

Na provincia de Pontevedra as confrarías máis importantes son O Grove, OPP-20-Illa, Pontevedra, Moaña, Redondela, Cambados e Lourizán. Nesta provincia existen 2.576 mariscadoras con *permex* xeral e 107 con *permex* para a explotación do percebe (táboa 12).

Pero a presenza da forza laboral feminina e os progresos acadados en materia de organización da produción e recoñecemento dos seus dereitos como traballadoras tamén ten a súa tradución económica non só na evolución da produción da meirande parte das especies de marisqueo a pé senón, e como lóxica consecuencia, nas rendas percibidas polas mariscadoras. Neste último caso o valor das rendas medias en todas as confrarías medrou de 1.173,5 euros en 1996 a 3.285,5 euros no 2000 (Marugán Pintos, 2004, p. 181).

Partindo dos datos de produción, en Galicia estamos asistindo nos últimos anos a un proceso de crecemento ou estabilización tanto en quilos coma en valor na maioría das especies obxecto de explotación, tal e como se mostra na táboa 13.

En termos xerais, no período 2001-2005 as especies que mellor representan este desenvolvemento son a ameixa xaponesa, o berberecho, o longueirón, a navalla, a ostra, o percebe e a vieira. Considerando os datos que achega a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para o 2005, o total de produción da ameixa babosa, da fina, da rubia e do berberecho ascendeu a 5.272.034 quilos por un valor en primeira de venda de 45.579.323 euros, sendo Noia, Rianxo e a Illa de Arousa as confrarías máis significativas tanto en peso coma en valor.

**Táboa 10.-** Número de mariscadoras a pé por idade na provincia da Coruña, 2005

	< 25	26-35	36-45	46-55	56-65	> 65	TOTAL
A Coruña	0	1	15	12	46	0	74
Ag. Marisc. Río Anllóns	0	0	6	17	13	0	36
Ag. Marisc. Sta. Elena	0	0	0	5	5	0	10
Aguíño	0	1	0	2	2	0	5
Barallobre	1	1	1	15	26	0	44
Cabo de Cruz	0	16	30	44	85	3	178
Camariñas	0	1	15	35	31	0	82
Cariño	0	0	3	13	11	0	27
Cedeira	0	0	2	18	20	0	40
Coop. Ría Arousa-Abanqueiro	0	0	3	2	5	0	10
Corcubión	0	1	4	8	9	0	22
Corme	0	1	0	18	16	0	35
Espasante	0	0	5	9	13	0	27
Ferrol	0	1	1	5	6	0	13
Fisterra	0	0	1	1	1	0	3
Lira-Carnota	0	0	6	16	22	0	44
Malpica	0	2	1	2	2	0	7
Miño	0	1	5	10	16	0	32
Mugardos	0	0	5	25	45	0	75
Muros	0	1	2	22	27	0	52
Muxía	0	1	2	5	1	0	9
Noia	0	19	92	177	158	1	447
O Barqueiro	0	4	5	6	9	0	24
O Pindo-Carnota	0	0	4	9	10	0	23
Palmeira	0	2	3	0	1	0	6
Pobra do Caramiñal	0	11	5	31	41	1	89
Pontedeume	0	2	8	5	7	0	22
Rianxo	0	5	21	58	76	0	160
Sada	0	0	0	2	4	0	6
A CORUÑA	1	71	245	572	708	5	1.602

FONTE: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

**Táboa 11.-** Número de mariscadoras a pé por idade na provincia de Lugo, 2005

	< 25	26-35	36-45	46-55	56-65	> 65	TOTAL
Celeiro	0	0	1	2	1	0	4
O Vicedo	0	0	4	16	25	0	45
Ribadeo	0	0	1	10	4	0	15
San Cibrao	0	0	0	2	5	0	7
LUGO	0	0	6	30	35	0	71

FONTE: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.



**Táboa 12.-** Número de mariscadoras a pé por idade na provincia de Pontevedra, 2005

	< 25	26-35	36-45	46-55	56-65	> 65	TOTAL
A Garda	0	1	8	22	11	0	42
Aldán-Hío	0	0	2	7	4	0	13
Arcade	0	1	13	35	56	0	105
Baiona	0	4	11	36	44	2	97
Cambados	0	21	38	63	79	0	201
Carril	0	6	17	30	20	0	73
Lourizán	0	8	40	47	76	2	173
Moaña	0	8	36	69	89	2	204
O Grove	0	31	90	161	207	0	489
OPP-20-Illa	5	61	112	121	81	0	380
Particular	0	0	6	29	23	1	59
Pontevedra	0	12	55	129	119	0	315
Raxó	0	1	8	24	23	0	56
Redondela	0	0	17	56	116	1	190
Vigo	0	0	0	6	3	0	9
Vilanova	1	21	51	61	86	0	220
Vilaxoán	1	11	19	14	11	1	57
PONTEVEDRA	7	186	523	910	1.048	9	2.683

FONTE: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

**Táboa 13.-** Evolución das principais especies do marisqueo a pé, 2005

ESPECIES	QUILOS		VALOR (euros)		PREZO MEDIO (€/kg)	
	2001	2005	2001	2005	2001	2005
Ameixa babosa ( <i>Venerupis senegalensis</i> )	1.481.237,31	1.096.616,10	16.536.001,12	15.246.862,79	11,16	13,90
Ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> )	734.293,41	551.398,21	14.209.133,44	16.362.069,92	19,35	29,67
Ameixa rubia ( <i>Venerupis rhomboides</i> )	514.988,10	364.110,90	3.601.175,02	3.100.889,93	6,99	8,52
Ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> )	419.691,60	848.219,46	3.784.370,52	6.362.708,34	9,02	7,50
Berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> )	1.172.179,25	3.553.034,20	4.421.888,12	14.709.366,79	3,77	4,14
Cadelucha ( <i>Donax trunculus</i> )	16.879,45	6.042,96	301.103,41	171.554,30	17,84	28,39
Caramuxo ( <i>Littorina littorea</i> )	4.068,45	3.400,15	9.937,64	8.882,70	2,44	2,61
Carneiro ( <i>Venus verrucosa</i> )	102.336,00	43.993,32	533.379,70	285.083,38	5,21	6,48
Lapas ( <i>Patela spp</i> )	2.792,90	499,10	4.853,78	1.392,01	1,74	2,79
Longueirón ( <i>Ensis siliqua</i> )	10.691,35	26.278,05	87.755,92	304.987,88	8,21	11,61
Longueirón vello ( <i>Solen marginatus</i> )	15.497,70	659,95	50.632,10	2.446,80	3,27	3,71
Navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> )	123.761,00	142.224,19	1.417.796,43	1.962.426,97	11,46	13,80
Ostra ( <i>Ostrea edulis</i> )	17.003,70	39.390,85	98.797,01	106.381,24	5,81	2,70
Peneira ( <i>Haliotis tuberculata</i> )	368,75	236,40	8.864,41	4.274,20	24,04	18,08
Percebe ( <i>Pollicipes pollicipes</i> )	442.347,28	508.570,65	8.830.816,57	14.536.917,55	19,96	28,58
Vieira ( <i>Pecten maximus</i> )	3.394,52	179.128,00	20.121,91	921.732,32	5,93	5,15
Volandeira ( <i>Aequipecten opercularis</i> )	93.006,90	96.958,90	200.924,49	345.335,20	2,16	3,56

FONTE: Plataforma Tecnolóxica da Pesca, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

**Táboa 14.-** Producción do marisqueo a pé das principais especies en Galicia, 2005 (datos provisionais)

CONFRARÍAS	AMEIXA BABOSA		AMEIXA FINA	
	Quilos	Valor	Quilos	Valor
A Coruña	49.588,06	484.833,06	44.823,72	964.459,14
Aguiño	9.484,00	237.539,15	0,00	0,00
Aldán-Hío	177,20	2.740,73	167,38	3.293,80
Arcade	619,20	7.662,67	14.244,30	372.441,30
Baiona	5.630,00	91.682,66	1.561,00	38.978,23
Baldaio	149,00	1.341,00	139,00	4.035,00
Barallobre	95.409,81	1.059.498,59	16.344,20	361.453,53
Bueu	5.397,50	82.710,16	264,50	7.953,63
Burela	0,00	0,00	607,50	15.865,07
Cabo de Cruz	20.310,00	300.319,85	9.661,75	363.637,56
Camariñas	1.211,70	13.092,30	6.261,30	138.881,97
Cambados	13.749,20	197.755,09	27.274,40	737.759,89
Campelo	46.931,20	648.275,11	68.743,80	1.691.125,44
Cangas	4.108,50	67.054,20	1.270,25	32.722,19
Cariño	0,00	0,00	828,50	24.188,74
Carnota-Lira	0,00	0,00	350,47	7.383,19
Carril	91.548,65	927.382,99	20.395,75	601.854,87
Cedeira	0,00	0,00	220,70	4.982,00
Coop. Ría Arousa-Abanqueiro	2.700,00	37.818,40	1.282,70	62.099,65
Corcubión	1.588,00	19.403,00	849,25	19.527,75
Espasante	12,65	112,45	1.309,35	25.708,42
Ferrol	192.118,84	2.042.598,69	5.583,96	122.843,26
Illa de Arousa	134.688,00	2.196.214,34	45.342,90	1.836.684,27
Miño	8,60	86,00	2.310,30	49.949,50
Moaña	5.130,50	166.956,01	6.321,50	20.329,58
Mugardos	0,00	0,00	6.993,15	166.851,82
Muros	8.222,78	64.956,62	3.876,75	94.220,25
Noia	199.446,43	178.374,70	99.146,19	3.194.514,66
O Barqueiro	177,60	1.933,71	534,30	9.896,93
O Grove	16.701,75	235.741,66	55.080,30	1.675.935,28
O Vicedo	0,00	0,00	41,60	1.302,00
Pobra do Caramiñal	17.924,50	278.152,51	18.731,03	638.054,80
Pontevedra	8.538,30	130.727,88	6.110,26	182.870,56
Redondela	13.445,45	197.974,04	26.778,90	767.666,44
Rianxo	38.836,13	502.770,19	24.371,88	760.387,69
Ribadeo	0,00	0,00	58,20	723,41
Ribeira	33.607,00	874.190,28	31,00	905,50
Río Anllóns	0,00	0,00	0,00	0,00
Sada	0,00	0,00	341,00	5.361,31
San Cibrao	414,30	9.449,62	0,00	0,00
Vigo (A Vdres)	0,00	0,00	0,00	0,00
Vigo (Canido)	1.567,75	23.767,33	227,50	6.323,47
Vigo (Cíes Artesanais Coop.)	9.268,00	146.495,75	1.660,10	41.286,73
Vilanova	30.755,00	427.291,33	21.213,28	743.677,20
Vilaxoán	11.438,50	185.196,13	6.756,09	282.814,22
TOTAL	1.070.904,10	11.842.098,20	548.110,01	16.080.950,25

**Táboa 14 (continuación).**- Producción do marisqueo a pé das principais especies en Galicia, 2005 (datos provisionais)

CONFRARÍAS	AMEIXA RUBIA		BERBERECHO	
	Quilos	Valor	Quilos	Valor
A Coruña	0,00	0,00	43.107,90	138.080,93
Aguiño	10.367,50	104.346,85	0,00	0,00
Aldán-Hío	1.345,50	9.923,44	106,50	319,86
Arcade	0,00	0,00	12.679,90	28.096,59
Baiona	664,00	4.963,62	45.552,25	124.524,12
Baldaio	0,00	0,00	2.634,00	12.674,50
Barallobre	123,45	1.005,75	20.679,70	57.641,41
Bueu	12.518,00	107.262,05	1.855,75	9.309,29
Burela	0,00	0,00	0,00	0,00
Cabo de Cruz	9.192,00	83.171,25	253.852,50	1.281.361,70
Camariñas	0,00	0,00	86.029,00	378.748,20
Cambados	64.590,15	597.900,33	156.072,75	523.116,57
Campelo	4.743,90	32.414,95	179.233,99	716.484,28
Cangas	7.609,75	59.901,15	2.473,50	6.027,53
Cariño	0,00	0,00	0,00	0,00
Carnota-Lira	0,00	0,00	2.734,75	5.603,72
Carril	0,00	0,00	180.976,00	534.318,02
Cedeira	0,00	0,00	7.374,20	22.671,54
Coop. Ría Arousa- Abanqueiro	0,00	0,00	2.435,50	12.823,00
Corcubión	0,00	0,00	3.881,50	18.890,75
Espasante	0,00	0,00	4.869,00	15.504,75
Ferrol	2.035,00	1.883,92	16.952,80	50.143,59
Illa de Arousa	117.416,50	884.333,12	208.222,50	658.582,72
Miño	0,00	0,00	13.661,06	43.925,14
Moaña	0,00	0,00	27.010,40	96.505,46
Mugardos	0,00	0,00	855,75	3.570,35
Muros	2.085,30	15.251,78	50.933,32	227.473,29
Noia	265,50	1.686,60	980.211,80	5.204.831,79
O Barqueiro	0,00	0,00	264,40	968,91
O Grove	3.065,50	27.514,52	61.129,00	173.726,10
O Vicedo	0,00	0,00	3,50	14,00
Pobra do Caramiñal	6.145,00	46.156,66	43.984,00	270.009,25
Pontevedra	0,00	0,00	7.030,59	26.539,72
Redondela	17.571,75	160.128,25	85.248,5	241.928,3
Rianxo	0,60	3,30	777.353,64	2.961.893,19
Ribadeo	0,00	0,00	0,00	0,00
Ribeira	49.834,50	481.258,90	23,00	147,90
Río Anllóns	0,00	0,00	166.065,00	509.237,50
Sada	0,00	0,00	0,00	0,00
San Cibrao	0,00	0,00	0,00	0,00
Vigo (A Vdres)	0,00	0,00	2,00	7,00
Vigo (Canido)	0,00	0,00	0,00	0,00
Vigo (Cíes Artesanais Coop.)	42.531,00	351.427,41	5.410,25	11.597,95
Vilanova	128,00	1.039,92	84.389,75	276.515,95
Vilaxoán	0,00	0,00	8.528,25	40.886,70
TOTAL	352.232,90	2.971.573,77	3.543.828,20	14.684.701,57

FONTE: Plataforma Tecnolóxica da Pesca, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Unha das principais limitacións do cultivo de ameixa para desenvolver todo o proceso produtivo é a falta de aprovisionamento de semente, xa que no ano 2001 só existían tres criadeiras (Remagro no Grove, Ostreira en Muxía e un criadeiro da Confraría e Organización de Produtores da Illa de Arousa) xunto coa posibilidade de abastecemento do criadeiro de Tinamenor. Outra dificultade, no caso da ameixa xaponesa, está relacionada coa vinculación existente entre as taxas de crecemento e as condicións ambientais da zona de cultivo, polo que resulta difícil establecer criterios xerais do seu comportamento (CES, 2001, pp. 49-50).

#### **4. PROPOSTAS PARA UNHA NOVA CUANTIFICACIÓN: OS DATOS DE EMPREGO DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT (TIOPesca99)**

A participación da muller non comeza e acaba coa simple presenza numérica, existindo aspectos cualitativos que fan referencia ao papel da muller na sociedade mariñeira, tan importantes coma os cuantitativos.

Así, é fundamental a cualificación material (esteá ou non reflectida no salario), a transmisión do coñecemento do medio mariño, o papel de coidadora do recurso e, polo tanto, de elemento clave na fixación da poboación, así como na perpetuación dunha relación histórico-cultural co mar. As bases sobre as que se sustenta a dinámica industrial da transformación do peixe en Galicia están en débeda co rol das mulleres no sector pesqueiro.

Aínda que a porcentaxe de emprego feminino total no sector pesqueiro galego nas TIOPesca 99 (táboa 6) é algo inferior ao da publicación da Comisión Europea (2002) (táboa 5), a diferenza no número de empregos en valor absoluto é moi importante, resultando que as cifras da primeira fonte duplican os números achegados pola Comisión. Coas demais fontes analizadas, e excluindo a elaborada pola Consellería de Pesca, só é posible realizar unha comparación para o sector pesqueiro (pesca extractiva, marisqueo e acuicultura), dado que non achegan datos para a industria de transformados, comercio, etc. Como se pode apreciar na táboa 15, os empregos sitúanse entre os 30.000 e os 40.000, sendo superados polos case 65.000 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e infravalorados polos 12.000 do informe da Comisión Europea (2002). Os datos da porcentaxe de empregos femininos sobre o total son moi similares, agás a cifra achegada pola Comisión.

Ao longo deste traballo púxose de manifesto a insuficiencia dos datos do informe da Comisión (2002) para Galicia, polo que cremos conveniente, partindo da gráfica 1, realizar unha nova comparación utilizando os datos de emprego que se derivan das TIOPesca 99, aínda que a distinción por sexos non inclúe o sector comercializador e de servizos relacionados coa pesca.

Aínda así, a división do emprego masculino e feminino realizado na pesca extractiva, no marisqueo, na miticultura, na acuicultura mariña, na conserva e nos

transformados, supón 48.598 empregos dos 53.295 da totalidade do sector, é dicir, un 91,18% dos empregos da pesca en Galicia.

**Táboa 15.-** Cuantificación dos empregos na pesca extractiva, marisqueo e acuicultura en Galicia


	EMPREGO TOTAL	% EMPREGO FEMININO
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (2004)	64.222	Nd
TIO Pesca 99	41.439	22,43
Instituto Social da Mariña (2001)	38.011	Nd
INE (2001)	35.211	23,07
IGE (2001)	29.651	Nd
Comisión Europea (2002)	11.993	32,29

NOTA: Nd: non dispoñible.

**Táboa 16.-** Cuantificación dos empregos na pesca galega


	EMPREGO TOTAL
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	119.874
TIO Pesca 99	53.426
Comisión Europea (2002)	16.212

**Gráfica 3.-** Empregos no sector pesqueiro nalgúns países da UE



FONTE: Elaboración propia a partir de Comisión Europea (2002) e García Negro (2003).

**Gráfica 4.-** Importancia do emprego feminino no sector pesqueiro



FONTE: Elaboración propia a partir de Comisión Europea (2002) e García Negro (2003).

## 5. CONCLUSIÓNS

En Galicia a forza laboral feminina na pesca existe hoxe en día con carta de natureza propia, con arraigamento histórico e cun papel socioeconómico determinante para a elaboración do produto pescado. O papel das mulleres na pesca galega é fundamental para o desenvolvemento de moitas das actividades do sector, desde a extracción do recurso, pasando pola transformación, comercialización e servizos relacionados. Algúns destes pasos na cadea produtiva da creación do produto pescado teñen un carácter eminentemente feminino, como son o marisqueo e a fabricación de conservas e outros transformados da pesca.

Tamén desempeñan un papel destacado na miticultura, no comercio polo miúdo e nalgúns servizos relacionados, como a fabricación e reparación de redes. Ante esta evidente presenza, sorprende o escaso interese das distintas Administracións públicas por recoller de forma axeitada a realidade do papel da muller no sector pesqueiro, ignorando a parte da produción orixinada por elas. É inexplicable que esta situación continúe na actualidade, tendo en conta que desde a teórica feminista se deron solucións ás formulacións teóricas que de momento impiden dispoñer de estatísticas fiables, eliminando as excusas de difícil contabilización, de imputación e/ou recoñecemento da actividade económica do traballo realizado polas mulleres.

Neste traballo efectuamos unha revisión das fontes estatísticas oficiais en tres eidos: autonómico, estatal e comunitario. Tendo en conta as deficiencias detectadas, cremos necesario realizar un novo cómputo dos postos de traballo femininos na pesca galega a partir dos datos das *Táboas input-output de pesca-conserva galegas 1999* (García Negro, 2003) que poñan de manifesto a importancia do traballo feminino no sector pesqueiro.

Entre todas as estatísticas analizadas chama particularmente a atención o informe da Comisión Europea *El papel de las mujeres en el sector de la pesca* (2002), pola súa deficiente recollida de información. Considerando a importancia dun informe coma este como instrumento para a elaboración da política comunitaria, esta infravaloración do emprego feminino pode levar á toma de decisións erróneas por parte da Unión Europea. Así, a sistemática inclusión de actividades coma o marisqueo (case 7.000 empregos femininos e outros 1.000 masculinos) e a miticultura (case 2.000 empregos femininos e outros 5.000 masculinos) dentro da acuicultura mariña pode levar a imputar o número de empregos existentes a actividades coma a piscicultura mariña, altamente subvencionadas e cunha creación ínfima de empregos (apenas 200 no ano 2000, 52 dos cales corresponden a mulleres). Desta forma estase deixando de apoiar actividades que xeran un gran número de empregos femininos, coa conseguinte perda de benestar da poboación feminina autóctona en beneficio das grandes multinacionais da piscicultura mariña.

## BIBLIOGRAFÍA

BORDERÍAS, C.; CARRASCO, C.; ALEMANY, C. [comp.] (1994): *Las mujeres y el trabajo. Rupturas conceptuales*. Barcelona/Madrid: Icaria/FUHEM.

- CARRASCO, C. [ed.] (1999): *Mujeres y economía. Nuevas perspectivas para viejos y nuevos problemas*. Barcelona: Icaria.
- CES (2001): *Situación e perspectivas do sector do marisqueo a pé en Galicia*. (Colección Informes 2/01).
- CHAS AMIL, M.L.; VILLASANTE, C.S.; ZOTES TARRÍO, Y.N. (2005): “Revisión de las estadísticas de trabajo femenino en la pesca gallega y propuestas para una nueva cuantificación”, *Congreso de Economía Feminista*. Bilbao.
- COMISIÓN EUROPEA (2000): *Regional Socio-economic Studies on Employment and the Levels of Dependency on Fishing*. Ikei. (Na páxina [http://europa.eu.int/comm/fisheries/doc\\_et\\_publ/liste\\_publ/regions.html](http://europa.eu.int/comm/fisheries/doc_et_publ/liste_publ/regions.html) [17/01/2005]).
- COMISIÓN EUROPEA (2001): *Toda la información de la PCP*. (Na páxina [http://europa.eu.int/comm/fisheries/doc\\_et\\_publ/liste\\_publ/facts/pcp\\_es.pdf](http://europa.eu.int/comm/fisheries/doc_et_publ/liste_publ/facts/pcp_es.pdf)).
- COMISIÓN EUROPEA (2002): *El papel de las mujeres en el sector de la pesca*. Mc Allister, Elliot and Partners Ltd. (Na páxina [http://europa.eu.int/comm/fisheries/doc\\_et\\_publ/pub\\_es.htm](http://europa.eu.int/comm/fisheries/doc_et_publ/pub_es.htm) [19/10/2004]).
- CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS, PLATAFORMA TECNOLÓXICA DE PESCA: [www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com).
- CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS: *Censo de explotacións mexilloeiras*.
- CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS: *Rexistro de permex*.
- CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (1998): *III Encontro de Mariscadoras*. Xunta de Galicia.
- EUROSTAT (2003): *Fisheries Statistics Data 1990-2003*. Luxemburgo: European Communities. (Na páxina [http://epp.eurostat.cec.eu.int/cache/ity\\_offpub/ks-dw-04-001/en/ks-dw-04-001-en.pdf](http://epp.eurostat.cec.eu.int/cache/ity_offpub/ks-dw-04-001/en/ks-dw-04-001-en.pdf) [2/11/2004]).
- EUROSTAT (2004): *Fisheries*. (Na páxina [http://europa.eu.int/comm/Eurostat/newcronos/reference/display.do?screen=welcomeref&open=/agric/fish/fleet&language=en&product=EU\\_agriculture\\_forestry\\_fisheries&root=EU\\_agriculture\\_forestry\\_fisheries&scrollto=283](http://europa.eu.int/comm/Eurostat/newcronos/reference/display.do?screen=welcomeref&open=/agric/fish/fleet&language=en&product=EU_agriculture_forestry_fisheries&root=EU_agriculture_forestry_fisheries&scrollto=283) [22/12/2004]).
- FERBER, M.A.; NELSON, J.A. [ed.] (2004): *Más allá del hombre económico*. Madrid: Cátedra.
- FONDO DE FORMACIÓN (2003): *Estudio socioeconómico das redeiras/os en Galicia*. Xunta de Galicia.
- GARCÍA NEGRO, M.C.: *Modelo de crecemento económico desde un sector considerado tradicionalmente primario*. (Inédito). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- GARCÍA NEGRO, M.C. [dir.] (1997): *Táboas input-output da pesca-conserva galega, 1995*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- GARCÍA NEGRO, M.C. [dir.] (2003): *Táboas input-output pesca-conserva galegas, 1999*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- GARCÍA NEGRO, M.C.; CHAS AMIL, M.L.; VILLASANTE, C.S.; ZOTES TARRÍO, Y.N. (2004): “Importancia de la participación de las mujeres en el sector pesquero gallego: problemas derivados de su tratamiento estadístico”, *International Conference AKTEA, Women in Fisheries and Aquaculture: Lessons from the Past, Current Actions and Ambitions for the Future*. Santiago de Compostela.
- IGE (2003): *Macromagnitudes da pesca, 2001*. (Na páxina [http://ige.xunta.es/ga/economicas/agro\\_pesca/macro\\_pesca/2001/pesc\\_ext\\_ing\\_t\\_gtos.htm](http://ige.xunta.es/ga/economicas/agro_pesca/macro_pesca/2001/pesc_ext_ing_t_gtos.htm) [20/11/2004]).

- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2001): *Censo de Población y Vivienda 2001*. Madrid: INE.
- MARUGÁN PINTOS, B. (2004): *E colleron ese tren... Profesionalización das mariscadoras galegas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- PARLAMENTO DE GALICIA (2001): *Dictame elaborado pola Comisión Non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres*.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, G. (2003): *Dinámica productiva na miticultura galega. Mecanismos de innovación e cambio estrutural na actualidade*. (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, G.; DOLDÁN GARCÍA, X.R.; ZOTES TARRÍO, Y.; CARBALLO PENELA, A. (2005): "Participación de las mujeres en las relaciones económicas de la pesca gallega", *Congreso de Economía Feminista, Las nuevas fronteras de la economía: más allá del mercado*. Bilbao.
- SEGURIDAD SOCIAL (2002): *Informe estadístico ISM 2001*. (Na páxina [http://www.seg-social.es/inicio/?MIval=cw\\_usr\\_view\\_Folder&LANG=1&ID=35471\[10/11/200\]](http://www.seg-social.es/inicio/?MIval=cw_usr_view_Folder&LANG=1&ID=35471[10/11/200])).